

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2018/7	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	26 de outubro de 2018
Duración	Desde as 20:05 ata as 21:29 horas
Lugar	Salón de Plenos
Presidida por	Marcos Besada Pérez
Secretario	Berta Alonso Soto

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
35566754Z	Carla M ^a Pérez Pérez	SÍ
36061420L	Joaquín Núñez Troncoso	SÍ
76897695R	José Luís González Rodríguez	SÍ
35567092F	Marcos Besada Pérez	SÍ
35548188D	Miguel González González	SÍ
76908793J	Mirian González Rodríguez	SÍ
76909361Y	M ^a Dolores Castiñeira Alén	SÍ
76902797C	M ^a Teresa Pérez González	SÍ
34873897D	Primitivo González Rodríguez	SÍ
77006782E	Santiago Rodríguez Davila	SÍ
44082684X	Sergio Curra Moreira	NON

35568513W	Verónica Tourón Domínguez	SÍ
35564737K	Ángela Ledo SOuto	SÍ
76897189R	Ángela Valcárcel Bernárdez	SÍ
Escusas de asistencia presentadas:		
1. Sergio Curra Moreira: «Non figuran na orde do día asuntos que requiran a súa asistencia.»		

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1. Aprobación da acta da sesión anterior
2. Expediente 3000/2018. Modificación da Ordenanza Fiscal nº21 reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles.
3. Expediente 1913/2018. Aprobación definitiva da modificación do artigo 7 da Ordenanza reguladora do estacionamento de horario limitado gratuito na que se determina zona azul (ORA)
- B) Actividade de control
- C) Rogos e preguntas
 4. Preguntas do grupo municipal do PSdeG-PSOE presentadas o 23.10.2018 (2018-E-RPLN-44)
 5. Resposta ás preguntas do grupo PP no pleno de 31.08.2018
 6. Resposta ás preguntas do grupo PSOE no pleno de 31.08.2018 D

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 12, En contra: 0, Abstencións: 1,
Ausentes: 0

Polo Sr. Alcalde sométese a votación a aprobación da acta da sesión nº 5/2018, ordinaria de 31 de agosto.

Sr. Núñez Troncoso: Estase incorporando o DNI dos asistentes ao Pleno e non sei si vai en contra da Lei Protección de Datos.

Sr Rodríguez Davila: No pleno anterior, respecto das preguntas que o Goberno non quere respostar no propio pleno oralmente e as contesta por escrito no pleno seguinte, nós abstivémonos na aprobación da acta e despois de ver que nesta acta ven recollidas as preguntas do Pleno anterior, pero nos parece mais sensato que as respostas se recollesen na acta a que corresponden as preguntas e non no pleno seguinte, pero dado que nesta acta veñen recollido vamos a votar a favor da mesma.

VOTACIÓN: Polo Sr. Alcalde sométese a votación a aprobación da acta da sesión nº 5/2018, ordinaria de 31 de agosto, sendo aprobada por DOCE votos a favor dos Sres/Sras. Concelleiros/as, González Rodríguez, Castiñeira Alén, González González, Pérez Pérez e Besada Pérez de Movemento Salceda, Rodríguez Davila, Núñez Troncoso, González Rodríguez, González Rodríguez e Valcarcel Bernárdez do PP e Tourón Domínguez e Ledo Souto do PSdeG-PSOE, e UNHA ABSTENCIÓN da Sra. Concelleira M^a Teresa Pérez González por non ter asistido á devandita sesión.

Expediente 3000/2018. Modificación da Ordenanza Fiscal nº21 reguladora do Imposto sobre Bens Inmобles.

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Sr. Alcalde: Da lectura da proposta seguinte:

“Vistas as competencias locais recoñecidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto no artigo 20 en relación cos artigos 15 a 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Visto o disposto no apartado 5º do Convenio de cooperación asinado o 29.03.2016 entre o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Salceda de Caselas para a execución das obras de construción dun novo centro de saúde, que literalmente di: “O Concello de Salceda de Caselas comprométese a regular na ordenanza fiscal reguladora do imposto de bens inmобles a exención a favor dos centros sanitarios titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia ou do Servizo Galego de Saúde, do pagamento do imposto sobre bens inmобles, de conformidade co previsto no artigo 62.3 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, así como calquera tipo de taxas e prezos públicos que non se correspondan con servizos que se presta de xeito continuado, sempre que

a exención destas taxas e prezos públicos este permitida pola normativa vixente."

Visto o artigo 62.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, que dispón: "As ordenanzas fiscais poderán regular unha exención a favor dos bens de que sexan titulares os centros sanitarios de titularidade pública, sempre que estean directamente afectados o cumprimento dos fins específicos dos referidos centros. A regulación dos restantes aspectos substantivos e formais desta exención establecerase na ordenanza fiscal."

Visto o interese deste Concello de favorecer os investimentos das Administracións competentes en materia sanitaria neste Concello, co fin de mellorar as instalacións existentes no termo municipal.

Visto o informe emitido pola Secretaría municipal con data 15.10.2018 número 2018-0014.

Visto o informe da Intervención municipal de data 18.10.2018 número 2018-0037.

O Pleno adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Engadir o artigo 4º dentro Ordenanza Fiscal nº 21 reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles coa seguinte redacción:

"Establécese unha exención a favor dos inmóbles destinados a centros sanitarios de titularidade pública, sempre que os mesmos estean directamente afectados o cumprimento dos fins específicos dos devanditos centros.

Para a concesión da exención requirirase a previa solicitude do interesado na que se relacionen, con indicación da súa referencia catastral, os bens para os que se solicita a exención e se xustifique a titularidade do mesmo polo centro sanitario e a súa afección directa aos fins sanitarios dos devanditos centros.

O efecto da concesión de exencións empeza a partir do exercicio seguinte á data da solicitude e non pode ter carácter retroactivo."

SEGUNDO. Publicar o anuncio deste Acordo no Taboleiro de Anuncios da Sede electrónica e páxina web municipal, así como no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, para os efectos de que os interesados poidan presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas no prazo de 30 días, a contar a partir do seguinte á publicación do anuncio no BOP.

TERCEIRO. Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do

Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, publicándose devandito acordo definitivo e o texto íntegro de a Ordenanza no BOPPO e no taboleiro de anuncios do Concello, aplicándose a partir da data que sinala dita Ordenanza.

CUARTO. Facultar ao Sr. Alcalde para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este expediente.”

Sr. Alcalde: Esta proposta de acordo ven supeditada ao convenio que asinamos coa Consellería de Sanidade.

Sr. González Rodríguez: Imos a introducir na Ordenanza fiscal reguladora do IBI esa exención a favor dos Centros de saúde do Sergas, así ven contemplado na Lei reguladora das Facendas artigo 62.3 que di *“as ordenanza fiscais poderán regular unha exención a favor dos bens de que sexan titulares os centros sanitarios de titularidade pública, sempre que estean directamente afectados o cumprimento dos fins específicos dos referidos centros”*. Acolléndonos a Lei reguladora das Facendas Locais e ao convenio asinado no seu día co Sergas para a construción do novo Centro de Saúde, que no seu apartado 5º recollía: *“o Concello de Salceda comprométese a regular a Ordenanza Fiscal reguladora do IBI a exención dos Centros Sanitarios de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia o Sergas do pagamento do imposto de bens inmobles.”* Pretendendo dar cumprimento a ese punto do convenio traemos a proposta a inclusión na Ordenanza fiscal do IBI da exención co Centro Saúde que se pretende construír, dicir que conta o informe favorable de intervención e pasou o ditame favorable da Comisión Informativa de Contas e Facenda.

Sr. Nuñez Troncoso: Como ven se di isto deriva do Convenio que se asinou coa Consellería de Sanidade o 29 de marzo de 2016, que no punto 5º recollía a exención do imposto de Bens Inmobles, digo o ano 2016 polo tempo que tardamos en tramitalo, se puido aproveitar outra modificación que se fixo da Ordenanza do IBI para tramitalo todo ao mesmo tempo. Chámanos a atención a dilixencia con que o Sr. Alcalde preparou o expediente, pois dende que firmou a providencia o 11 de este mes ata que asinou a proposta o 18, en sete días está o expediente confeccionado cos seus informes correspondentes, que pena que noutros temas tamén importantes tardáramos meses e meses e outros aínda estean pendentos. A nosa posición vai ser a favor.

Sra. Tourón Domínguez: O noso voto vai ser a favor, é algo que se debe facer, é verdade que o convenio se asinou o 29 de marzo de 2016 e chega a Pleno o 26 de outubro de 2018, pero sí é verdade que como o IBI aínda non se cobrou pois a tempo chega. O noso voto vai ser a favor.

VOTACIÓN: Polo Sr. Alcalde sométese a votación a aprobación da proposta e o Pleno da Corporación Municipal, en votación ordinaria, aproba por UNANIMIDADE dos TRECE membros presentes á sesión, adoptando os seguintes acordos:

PRIMEIRO. Engadir o artigo 4º dentro Ordenanza Fiscal nº 21 reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles coa seguinte redacción:

“Establécese unha exención a favor dos inmobles destinados a centros sanitarios de titularidade pública, sempre que os mesmos estean directamente afectados o cumprimento dos fins específicos dos devanditos centros.

Para a concesión da exención requirirase a previa solicitude do interesado na que se relacionen, con indicación da súa referencia catastral, os bens para os que se solicita a exención e se xustifique a titularidade do mesmo polo centro sanitario e a súa afección directa aos fins sanitarios dos devanditos centros.

O efecto da concesión de exencións empeza a partir do exercicio seguinte á data da solicitude e non pode ter carácter retroactivo.”

SEGUNDO. Publicar o anuncio deste Acordo no Taboleiro de Anuncios da Sede electrónica e páxina web municipal, así como no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, para os efectos de que os interesados poidan presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas no prazo de 30 días, a contar a partir do seguinte á publicación do anuncio no BOP.

TERCEIRO. Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, publicándose devandito acordo definitivo e o texto íntegro de a Ordenanza no BOPPO e no taboleiro de anuncios do Concello, aplicándose a partir da data que sinala dita Ordenanza.

CUARTO. Facultar ao Sr. Alcalde para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este expediente.

Expediente 1913/2018. Aprobación definitiva da modificación do artigo 7 da Ordenanza reguladora do estacionamento de horario limitado gratuito na que se determina zona azul (ORA)

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Sr. Alcalde: da lectura a proposta seguinte:

“Visto que por acordo do Pleno de data 19.06.2018, aprobose inicialmente a modificación do artigo 7 da Ordenanza reguladora do estacionamento de horario limitado gratuito na que se determina zona azul (ORA), engadindo un novo apartado, coa redacción que a continuación se recolle:

«Artigo 7. Vehículos exentos de limitación na zona azul.

Están exentos das limitacións de estacionamento na zona azul:

(...)

Artigo 7.5.- Os vehículos de persoal sanitario acreditados coa correspondente tarxeta emitida polo Concello de Salceda de Caselas.»

Visto que durante o prazo de exposición ao público mediante anuncio no BOPPO núm. 144 de data 27.07.2018, presentouse unha única alegación en data 01.09.2018, rex. Núm. 2018-E-RPLN-41, polo grupo municipal do PP, solicitando que o artigo 7.5 quede redactado do seguinte xeito:

“Os vehículos de persoal sanitario acreditados coa correspondente tarxeta emitida polo Concello de Salceda de Casetas. Así como os vehículos utilizados por persoal de outros servizos de asistencia da sanidade (Asistencia a Domicilio — HADO) : de emerxencias e de calquer tipo de vehículos que xustifique a necesidade de dita acreditación.”

Realizada a tramitación correspondente e vista a competencia do Pleno, en virtude dos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local,

O Pleno a adopta o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Estimar a alegación presentada polo grupo municipal do Partido Popular en data 01.09.2018, rex. Núm. 2018-E-RPLN-41.

SEGUNDO. Aprobar con carácter definitivo, una vez resoltas as reclamacións presentadas, a modificación do artigo 7 da Ordenanza reguladora do estacionamento de horario limitado gratuito na que se determina zona azul (ORA), una vez incorporadas á mesma as modificacións derivadas das reclamacións presentadas coa redacción que a continuación se recolle:

« Artigo 7. Vehículos exentos de limitación na zona azul.

Están exentos das limitacións de estacionamento na zona azul:

(...)

Artigo 7.5.- Os vehículos de persoal sanitario acreditados coa correspondente tarxeta emitida polo Concello de Salceda de Caselas, así como os vehículos utilizados por persoal de outros servizos de asistencia sanitaria (Hospitalización a Domicilio- HADO), de emerxencias e de calquer tipo de vehículos que xustifique a necesidade de dita

acreditación.»

TERCEIRO. Publicar o acordo definitivo e o texto íntegro de a Ordenanza reguladora do estacionamento de horario limitado gratuito na que se determina zona azul (ORA), no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, aplicándose a partir da data que sinala dita Ordenanza.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello <http://salcedadecaselas.sedelectronica.gal>.

Simultaneamente, publicar o texto da modificación do regulamento no portal web do Concello <http://salcedadecaselas.es/>

CUARTO. Notificar este acordo a todas aquelas persoas que presentasen alegacións durante o período de información pública.

QUINTO. Facultar a Alcalde de Salceda de Caselas para todo o relacionado con este expediente.”

Sr. González Rodríguez: Efectivamente este punto xa se tratara no Pleno do 22 de xuño, se introducía nas exencións no horario do estacionamento da zona azul aos vehículos do persoal sanitario que acreditaran no Concello a través dunha pegatina ou dunha tarxeta para poñer no salpicadero do vehículo, no seu momento se considerou esta petición que nos trasladaban os servizos sanitarios, porque sí é certo que é necesario que teñan o seu vehículo o máis cerca do centro de saúde posto que a diario van a saídas urxentes e iso redunda en beneficio de calquera veciño do noso pobo. No seu día cando se trouxo a pleno esta modificación se aportou por parte do PP o que agora se plantexa e se quedara en que no período de exposición se presentara a alegación e se valoraría; despois de analizala non temos inconveniente en recollela.

Sr. Rodríguez Davila: Este é un deses asuntos que si antes de traelos a plenos se falase cos outros grupos para que aportasen ideas, propostas, e logo traelos por unanimidade. Teño que resaltar que en 11 anos do Sr. Besada é a primeira vez que se nos acepta unha alegación respecto dunha ordenanza ou dun regulamento municipal. Xa o dixemos no Pleno que iamos a presentar esta alegación e nos alegamos que a teñan en conta, que os vehículos non só os do Centro de saúde senón tamén aqueles que prestán o servizo de asistencia sanitaria a domicilio, así como dos de emerxencias e de calquer tipo de vehículos que xustifique a necesidade de dita acreditación. Os nosos parabéns ao Goberno por ter a ben aceptarnos esta proposta.

Sra. Tourón Domínguez: Xa estábamos de acordo nesta emenda do PP na sesión de aprobación inicial. Unha aclaración, esta modificación non xorde por unha reclamación que fai o persoal sanitario, desgraciadamente xorde por un urxencia que

aconteceu e por mor de aí desencadeouse todo isto, e como digo sempre, aínda que sexa tarde este tipo de proposta sempre son ben recibidas e o noso grupo vai votar a favor.

VOTACIÓN: Polo Sr. Alcalde sométese a votación a aprobación da proposta e o Pleno da Corporación Municipal, en votación ordinaria, aprobaa por UNANIMIDADE dos TRECE membros presentes á sesión, adoptando os seguintes acordos:

PRIMEIRO. Estimar a alegación presentada polo grupo municipal do Partido Popular en data 01.09.2018, rex. Núm. 2018-E-RPLN-41.

SEGUNDO. Aprobar con carácter definitivo, una vez resoltas as reclamacións presentadas, a modificación do artigo 7 da Ordenanza reguladora do estacionamento de horario limitado gratuito na que se determina zona azul (ORA), una vez incorporadas á mesma as modificacións derivadas das reclamacións presentadas coa redacción que a continuación se recolle:

« Artigo 7. Vehículos exentos de limitación na zona azul.

Están exentos das limitacións de estacionamento na zona azul:

(...)

Artigo 7.5.- Os vehículos de persoal sanitario acreditados coa correspondente tarxeta emitida polo Concello de Salceda de Caselas, así como os vehículos utilizados por persoal de outros servizos de asistencia sanitaria (Hospitalización a Domicilio- HADO), de emerxencias e de calquer tipo de vehículos que xustifique a necesidade de dita acreditación.»

TERCEIRO. Publicar o acordo definitivo e o texto íntegro de a Ordenanza reguladora do estacionamento de horario limitado gratuito na que se determina zona azul (ORA), no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, aplicándose a partir da data que sinala dita Ordenanza.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello <http://salcedadecaselas.sedelectronica.gal>.

Simultaneamente, publicar o texto da modificación do regulamento no portal web do Concello <http://salcedadecaselas.es/>

CUARTO. Notificar este acordo a todas aquelas persoas que presentasen alegacións durante o período de información pública.

QUINTO. Facultar a Alcalde de Salceda de Caselas para todo o relacionado con este expediente.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Dación de conta de decretos dende o 2018-0807 de 28 de agosto ata o 2018- 1030 de 23 de outubro.

Dáse conta dos decretos ditados dende o nº 2018-0807 de 2018 ata nº 2018-0103 de 23 de outubro.

Sr. Núñez Troncoso: Xa manifestáramos no pleno de agosto de 2017 que debido ao cambio informático para ter acceso aos Decretos é complicado, e se propuxo daquela que os decretos se acompañaran da documentación que vincula ese decreto, o Alcalde estaba de acordo e que se faría de forma tradicional, a cada decreto iría acompañado coa documentación que se vincula.

Sr. Alcalde: Tomamos nota e intentaremos resolver esa cuestión, por nós non hai problema.

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Preguntas do grupo municipal do PSdeG-PSOE presentadas o 23.10.2018 (2018-E-RPLN-44)

Sr. Alcalde da Lectura as preguntas presentadas:

1.- No Pleno do 31 de agosto levouse na orde do día a modificación da ordenanza de usos do auditorio municipal. Punto que non foi aprobado na sesión plenaria. Na XGL do 14 de setembro aprobouse unha instrución sobre a utilización do auditorio cos puntos rexeitados no pleno anterior. Cal foi o motivo polo que se aproba esta instrución despois de que o pleno rexeitase a modificación da ordenanza? Máis, cando é a primeira vez que se aproba neste concello unha instrución interna.

Sr. Alcalde : Pásolle a palabra a Concelleira de Cultura.

Sra. Pérez González: Consideramos importante regular este aspecto e como non foi posible no pleno acollémonos ao artigo 6 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público que nos permite aprobar instrucións e ordes de servizo para que de algún xeito quede regulado este punto.

2.- CONCELLEIRA DE CULTURA, ENSINO E SERVIZOS SOCIAIS. Na escola unitaria de Budiño nos pasados días caeron tellas da edificación anexa sobre o patio onde xogan os nenos e nenas. Nos consta que o concello xa está avisado do acontecido. Vaise facer algún tipo de actuación para arranxar esta situación?

Sra. Pérez González: Estase valorando cal é a mellor opción e dende logo acometerase antes de que volvamos a ter riscos de ventos que poidan resultar perigosos, estamos na valoración das opcións.

3.- CONCELLEIRA DE DEPORTES. En varias ocasións no Pavillón Municipal teñen caído elementos da cuberta que foi reformada, co grave perigo de que unha desas pezas caia sobre calquera usuario, máxime cando están utilizando estas instalacións para o recreo moitos nenos e nenas por mor das obras que se están levando a cabo no CEP Altamira. Sendo a terceira vez que acontece, que medidas se están a tomar neste asunto?

Sra. Pérez Pérez: Dicur que o que se foi facendo foi comunicado a empresa e que se tomou a determinación de peche do que sería o pavillón municipal, a empresa fixo unha vixilancia e colocación de todas as pezas que puideran ocasionar algún tipo perigo a través da grúa elevadora.

Resposta ás preguntas do grupo PP no pleno de 31.08.2018

Sr. Alcalde: Da lectura ao escrito de resposta ás preguntas:

1.- As Concelleiras do Goberno Municipal, que exerceron o dereito de folga o pasado día 8 de marzo, cobraron por ese día ou na nómina do mes de marzo se lle descontou o día?

Resposta das concelleiras: Si cobraron, nese día as Concelleiras non asistiron ao seu posto de traballo apoiando a folga, mais exerceron as súas funcións como Concelleiras ao longo de toda a xornada, como non podía ser doutro xeito, encargándose entre outras cousas da xestión da concentración do 8m.

2.- Solicitouse dentro de prazo a actualización dos coeficientes do valor catastral para o ano 2019?

Resposta do Concelleiro de Facenda: Non

3.- Con respecto da liquidación 2017, a temos solicitada ¿Cando se nos vai facilitar a liquidación e os libros maiores de orzamentos de gastos e ingresos que xa temos

solicitadas dende o 4 marzo?

Resposta de Alcaldía: O acceso ao expediente está autorizado dende o 29/08/2018

4.- Este martes diante da biblioteca municipal estaban tocando un grupo de gaitas, quixera saber si consideran axeitado o sitio para tocar, en horas de estudio? e o mesmo con respecto das instrucións dadas aos traballadores da biblioteca para sellar os tickets dos callos, e a xente estudiando, considera vostede que ese é un lugar axeitado para realizar ese tipo de traballo?

Resposta da Concelleira de Comercio: Realizouse a gravación do vídeo promocional do Pinchofolk, actividade moi importante para a hostelería da nosa vila. Esta gravación no durou mais de 10 minutos, e a Praza do Concello parecenos o sitio máis axeitado para a realización da mesma. Ningún traballador/a do noso Concello situado na Biblioteca nos trasladou a incomodidade e os prexuízos que vostede menciona. Mesmo así, pedimos desculpas se os tivemos ocasionado.

5.- Con respecto aos orzamento de 2018, como están, e o orzamento de 2019, se van a presentar ou se van a seguir cos prorrogados do 2016?

Resposta de Alcaldía: Dada a situación de sobra coñecida no departamento de Intervención e tendo en conta os cambios producidos na dirección da área, a día de hoxe non estamos en situación de confirmar ou non a elaboración deses orzamentos.

6.- Queriamos saber si todas as persoas que están utilizando a CDL están pagando a día de hoxe o seu aluguer e se segue en vigor o contrato polo que se lles asignou eses locais?

Resposta da Concelleira de Formación e Emprego: Con respecto ao pago de taxas por ese servizo, o Departamento de Tesourería é quen realiza ese trámite administrativo. Non teño constancia por parte deste Departamento da falla de pago das mesmas.

Con respecto aos alugueiros, a día de hoxe seguen facendo uso de 2 dos 4 despachos que están a disposición da veciñanza. Aínda que o contrato foi prorrogado, non existe ningunha solicitude de despacho para o Viveiro de empresas, e se existise están dous despachos baleiros a disposición. As empresas alí situadas na actualidade seguen exercendo a súa actividade e xerando emprego na nosa vila.

Resposta ás preguntas do grupo PSOE no pleno de 31.08.2018

Sr. Alcalde: Da lectura ao escrito de resposta ás preguntas:

1.- En relación co lugar de Mariña, o Concello vai a seguir depositando desperdicios

nesa parcela? Se van a seguir colocando o triturado das podas? E se van a deixar as montañas do triturado ou se pensan quitar?

Non. O terreo xa está limpo, sinalizado e delimitado.

2.- Con respecto da Galiña azul, considera prioritario a colocación de estanterías por encima da instalación do aire acondicionado para os nenos?

As prioridades de melloras da Galiña Azul, tal e como xa se ten explicado, son establecidas segundo o criterio do equipo directivo, que é o que convive coas nenas e nenas no día a día e son os que coñecen mellor que ninguén as prioridades.

3.- Para a Concellería de parques e xardíns:

- En relación co parque Raíña Aragonta temos constancia, que o sitio onde está colocado un elemento de xogo supón un perigo importante para os nenos mais pequenos. ¿Teñen pensado cambialo de sitio, tal como lle indicaron fai meses?

Trala conversa con esa veciñanza que solicitaba o traslado e con outra veciñanza que prefería manter a ubicación dese elemento no lugar no que se atopa, o Concello tomará a decisión mais acaída logo da supervisión da empresa de mantemento nos vindeiros días.

- En relación tamén co parque Raíña Aragonta ca pista de skate, tamén temos constancia de se produxo un accidente provocado polo deterioro da mesma. ¿Que tipo de mantemento se realiza nesa pista?

Tanto na pista de skate como nos elementos do parque e nos aparellos biosaudables realízanse revisións e traballos de mantemento de maneira frecuente.

- Seguimos co parque: a zona de xogo dos columpios, ten o chan moi deteriorado, ¿pensa arranxarse?

Lévanse acometido diferentes obras de mellora dentro do “Plan de Mellora de Parques Infantís” e seguiremos a facelo.

4.- Para Concellería de Cultura, ensino e servizos sociais:

- ¿Que documentación se lle pide a unha Asociación rexistrada no Concello para prestarlle instalacións ou equipamento municipal? Prestación ou colaboración do Concello non económica.

As asociacións que solicitan material ou instalacións solo se lles pide a solicitude por rexistro. No caso de eventos benéficos con recadación, solicítase documentación

acreditativa da finalidade real dese evento benéfico, así como documentación que acredite dalgún xeito a actividade benéfica de dita asociación.

- Están todas as escolas en condicións para o inicio do curso escolar?

Si, todas as escolas estiveron en condicións para o inicio do curso escolar.

- En relación a colocación da estrutura para Festa do Callos, a empresa realizou ese traballo sen medidas de seguridade, ademais de que os camións circulaban marcha a tras, ¿Teñen constancia de que a empresa utilizou as medidas de seguridade oportunas, se chegou algún tipo de queixa ou denuncia o Concello, e se se lles deu respostas a esas queixas?

Tras comprobar que a empresa non realizou as medidas de seguridade precisas para a montaxe, a Policía Local procedeu á delimitación da zona de traballo para garantir a seguridade de todos e todas. Advertiuse á empresa e no momento da desmontaxe os traballos realizáronse correctamente. Non se recibiu ningunha denuncia no Concello.

5.- Para a Concellería de Medio Ambiente:

- Na rúa Lugo hai contenedores sen tapa ¿Se pensa repoñer as tapas ou tomar algunha medida para arranxalos?

Xa están cambiados

6.- Para a Concellería de Emprego e Formación:

- ¿Solicítouse ou non a subvención, publicada no DOG do 21 de xuño, para a posta en marcha programas de integrados de emprego? Por que non se realizou solicitude?

Os datos de desemprego de Salceda están nos niveis de 2007, antes da crise. Os datos do último mes de setembro son moi positivos: baixada dun 7%, desemprego total 617, 49 persoas menos. Mais mentras exista un só desempregado, será unha preocupación para este goberno. En canto a este programa especificamente, solo se nos concedeu no ano 2013 ao solicitalo de xeito conxunto con Ponteareas. A solicitude deste Plan implica o consumo de gran cantidade de recursos económicos e administrativos, sumado a realización estimativa de obtención de puntos, que debido ao noso baixo desemprego, sería mínima. Consideramos axeitada a non solicitude deste programa e seguir adiante coa estratexia establecida dende o meu mandato, xunto co equipo técnico do CDL.

7.- Para a Concellería de Vías e Obras:

- En relación coas estradas das parroquias ¿Teñen deseñado un plan de actuación cara ao outono - inverno, en caso que se volvan a repitan os episodios de trombas de agua como ocorreu o pasado ano?

As estradas límpanse priorizando as máis transitadas e aténdose a dispoñibilidade de

persoal en vías e obras, que é moi escaso. As veces é necesario encargarlle traballos a empresas dado que co persoal do Concello é imposible, compre dicir que as empresas hai que pagarlle.

- mesmo no casco urbano, sumidoiros que están obstruídos, Teñen algún tipo de actuación relacionado con estes temas?

Os sumidoiros do casco urbano límpanse todos os anos por estas datas e niso estamos ca escasez de persoal que temos.

- Beirarrúas do casco urbano, que en varios sitios están rotas, etc... Teñen pensado proceder a reparación e a limpeza das mesmas?

As beirarrúas estanse a reparar continuamente ao longo de todo o ano.

8.- Para a Concellería de Seguridade:

- En relación aos redutores colocados na Lagüela na estrada que vai a Tui. Teñen constancia de que se teñen producido mais de un incidente porque algunhas persoas invaden o carril contrario? ¿vaise tomar algún tipo de medida ao respecto?

Temos constancia. Xa está dada orde de retirada dos mesmos, levarase a cabo nos próximos días.

9.- Para a Alcaldía:

- Con respecto do inventario que se esta realizando Que grado de avance están eses traballos? E en que data se prevee traer a Pleno ese Inventario Municipal?

Levado a Pleno o pasado 1 de outubro, atopase en período de exposición pública dende o 17 de outubro.

Sr. Rodríguez Davila: Antes de pasar aos rogos matizar a contestación das preguntas, en relación coa pregunta 4, relativa á gravación dun vídeo tocando a gaita diante da biblioteca, di vostede que estiveron 10 minutos, iso é falso estiveron case unha hora, entre ensaios etc... e resulta que agora os traballadores teñen que avisarlle, porque vostedes non son conscientes de que están molestado, de que son horas en que están veciños estudiando na biblioteca, é triste que vostedes se escusen nos traballadores e que sexan eles quen lle teñan que avisar de que están molestado os alumnos que utilizan a biblioteca municipal.

En segundo con respecto dos orzamentos, unha vez máis se escusan vostedes nos traballadores e nos funcionarios, seguramente en este ano pode ser o caso, pero hai un responsable que é o Alcalde e que os anos anteriores tamén seguramente eran os funcionarios e vostedes nunca teñen a culpa de nada, de que non veñan os orzamentos nos anos 2017, 2018 nin 2019, nin os anos anteriores onde gobernaban

vostedes con maioría con apoio do PSOE, tamén era culpa dos traballadores e dos funcionarios.

ROGOS:

Sr. Rodríguez Davila: Respecto do 8 de marzo. O 26 de febreiro o Goberno Municipal, en concreto as Concelleiras e a secretaria do Alcalde facían unha nota de presenta anunciando que secundarían a folga feminista convocada para o 8 de marzo, nesa nota alentaban e convidaban ás funcionarias e traballadoras a secundar a folga e dicían claramente que o chamamento é facer unha folga de 24 horas só para mulleres, resulta que na pregunta que fixemos e se nos contestou hoxe, se nos di que: *“as Concelleiras non acudiron ao seu posto de traballo porque apoiaban a folga”*, e continúan dicindo: *“mais exerceron de Concelleiras ao longo da xornada”*. Polo que formulamos o seguinte ROGO:

“Que devolvan os cartos cobrados por ese día porque vostedes non son merecedoras desa retribución económica. Que as tres Concelleiras do Goberno Local devolvan os cartos cobrados no día de 8 de marzo, tal como fixo a secretaria do Alcalde.”

Sr. Alcalde: Unha aclaración con respecto deste Rogo. Os cargos políticos non cobramos por 8 horas cobramos polas 24 horas do día os 365 días do ano, a secretaria de Alcaldía si ten unha xornada estipulada por lei, nós cobramos pola responsabilidade que asumimos e pola dedicación e non temos horario estipulado.

Sr. Rodríguez Davila: Hai un documento asinado por vostede de data de 8 de xuño do 2015 onde dí que *“determinadas adicacións parciais con réxime equivalente a 6 horas diarias da xornada de traballo cuxo cumprimento deberá ser obxecto de control polos medios que determina a Alcaldía”*. Vostede aí está dicindo que determina unha xornada de 6 horas ás Concelleiras que tiñan unha dedicación parcial e polo tanto está no regulamento de cumprir o seu horario mínimo, polo que teñen a obriga de renunciar a ese salario igual que teñen as persoas que secundan unha folga.

PREGUNTAS:

Sr. Rodríguez Davila:

1.- Sobre aprobación da instrución sobre a utilización do auditorio, nos chama a atención que no expediente non consta un informe da Secretaría Municipal ¿Porqué esa instrución non ten o informe da Secretaria municipal e sen embargo ten un informe xurídico do D. Carlos Abal?

2.- Sobre os despachos do CDL: Dado a resposta que vostedes nos deron, queremos saber ¿si a día de hoxe se están cumprindo as bases que no seu momento derón pé a

esas adxudicacións? ¿Seguen a día de hoxe en vigor os contratos asinados no ano 2014 respecto do uso dous locais que están a día de hoxe en uso no CDL do Torrón? Están pagando a día de hoxe eses dous locais por ese uso en un edificio público?

3.- Sobre a sentenza da ocupación duns terreos detrás da praza de abastos: ¿Por qué se ocultou e por qué non está rexistrada a sentenza de 18 de xullo de 2018, sentenza nº 1304/18 do Tribunal Supremo respecto da propiedade de 25 m2 detrás da praza de abastos?

4.- Dado que por este Grupo Municipal se levan presentado 50 rogos no último ano e medio das necesidades das parroquias e do casco urbano e despois de ver que tan so cumpriron 3, preguntamos ¿Cando teñen vostedes pensado dar resposta a esas necesidades que precisan os veciños que viven nas parroquias e tamén no casco urbano?

5.- Vendéronse mais tickets de callos este ano con respecto do ano anterior?

Sr. Núñez Troncoso:

1.- No pleno de xuño de 2017 preguntouse sobre o atranco con pedras nun camiño existente no barrio de Torreiro en Soutelo, se nos contestou que se abriría un expediente de investigación, ¿en qué situación se atopa o expediente?

2.- Respecto da pregunta nº 5 das contestada anteriormente, que falaba da elaboración dos orzamentos de 2019 a resposta foi *“a día de hoxe non estamos en situación de confirmar ou non a elaboración deses orzamentos”* como non sabemos si ese *“a día de hoxe”* a que día se refire, si a data na que se formulou a pregunta ou a data deste pleno, reformulamos a pregunta ¿A día de hoxe estamos na mesma situación?.

3.- Sobre a liquidación do 2017, segundo o informe de intervención di que se constata o incumprimento da regra de gasto, segundo a Lei orgánica estabilidade orzamentaria di que se deberá elaborar un plan económico - financeiro ¿Elaborouse este plan?

4.- Respecto do camiión do lixo. Temos constancia de que se está prestando ao Concello de As Neves o camiión do lixo dous días a semana, levando xa esta situación 8 ou 9 meses. ¿En que condicións se presta o camiión? ¿Existe algún convenio ao respecto? ¿Implica iso unha redución no servizo da recollida do lixo?

Miriam González Rodríguez.-

1.- Respecto da contratación dunha obra *“Mellora de camiños municipais en Parderrubias - Entenza”* ¿Cales son eses camiños?

Sr. González González: corresponden ao Plan Marco.

Primitivo González Rodríguez.-

- 1- O 7/03/2018 con nº RE 1417 solicitamos copia ou acceso ao expediente “Ensanche pavimentación na pista municipal Ataude – Maior na Picoña” non nos contestaron e volvemos a solicitalo o 13 de abril, nos deron acceso o 1 de outubro deste ano ¿Porque se tardou mais de 6 meses en dar acceso a este expediente, cando o documento mais antigo que atopamos nese expediente é de data 2 de decembro de 2015?
- 2- É certo que nesta mesma obra, un axuda subvencionable de 64.832 € redúxose esta axuda a 53.252 €, é dicir perdéronse 11.579 € por recoller unhas melloras na adxudicación do contrato non admitidas polo Texto refundido da Lei de contratos do sector público?, é dicir esta negligencia na adxudicación da obra costoulle aos veciños perder 11.579 €?
- 3- As facturas emitidas por Construcciones Vale, S.L de referencia A/70 de data 19/04/2016 polo concepto de excavacións e muros, a factura A/61 de data 3/04/2017 por reparacións de muros, e a factura A/62 de 4/2017 de reparacións de canles de regadío en Fonte da viña- Picoña corresponde estas facturas ao aumento do proxecto “Ensanche pavimentación na pista municipal Ataude-Maior? E é así? Porque non estaban no expediente ao que se nos deu acceso?
- 4- Por qué motivo se retrasa a emisión dalgunhas facturas ata o 4/4/2017 cando responden a traballos executados e finalizados no 2015?, é dicir que se fan os traballos no 2015 e faise a factura no 2017.
- 5- O 21 de abril de 2016, o Concelleiro de Vías e Obras da conformidade a factura A/70 de 19/04/2016, esta factura no concepto “139m3 de excavacións de muro” e na seguinte partida 139m2 de muro de mampostería” ¿Que fixeron con este traballos, un burato para votar pedra ou como se explica esta factura?
- 6- Na partida de 139m3 de excavacións para cimentación de muro págase a 65€ m3, cando o coste no mesmo proxecto era do 1,38€ m2, Na partida de mampostería que son 139 m2 en cambio é a 15 € m2. Esta factura nin sequera foi revisada, porque os prezos están cambiados.
- 7- ¿Porqué as facturas xeradas a maiores non utilizan, nos conceptos dos traballos realizados, as partidas do proxecto inicial?
- 8- ¿Porqué esas facturas, as citadas anteriormente, non están firmadas e conformadas polo director da obra, xa que pertencen a mesma obra, xa que eses traballos executáronse baixo a mesma dirección e asúmeas no informe remitido o 28/02/2018?
- 9- ¿Porqué non existe un modificado do proxecto inicial?, dado que segundo a Lei de contratos públicos o importe da obra increméntase mais do 10% do valor.

Sra. Valcárcel Bernárdez:

- 1.- Respecto do Inventario de Bens do Concello: Queremos saber si durante os anos que foi Alcalde hai algunha cesión, permuta ou venda dalgún resalido municipal?

Sra. Tourón Domínguez:

1.- Sobre a instrución que se aprobou sobre os usos do auditorio: Se está aplicando, xa? A parte de cambiar esa instrución, delegando unha competencia do Pleno na Xunta de Goberno e ao día seguinte enviouse a Fiscalía, interézanos saber si se fixo con tanta premura para ser enviada a Fiscalía ou se fixo porque se está aplicando?

2.- En canto aos colexios, nas repostas da preguntas formuladas no mes de agosto, preguntabamos si estaban todas as escolas en condicións para o inicio do curso escolar. Nos respondía que "Si"; non vou a recordar como se iniciou o curso pero si recordar que noutra pregunta con respecto da unitaria de Budiño, polas caídas das tellas, se nos respondía que están estudiando o caso das tellas que caén en Budiño. ¿Se segue afirmando que os colexios se iniciaron ao 100% en condicións, en perfecto estado?

3.- En canto ao CDL, ¿Qué se está facendo para publicitar eses dous despachos que están baleiros?

4.- ¿Van traer algún recoñecemento de crédito antes das eleccións ou os deixamos para o/a que chegue despois ahí?

5.- En relación ao 8M e a folga das Concelleiras, quedou claro que as Concelleiras consideraban que deberían cobrar ese día. Seguen afirmando e considerando que de verdade deben cobrar, non so ese día, o soldo que se lle paga polo seu traballo, cando nin temos orzamentos, nin plan económico-financeiro, nin convenio, nin RPT? . ¿Deben os/as Sres/as. Concelleiros/as seguir cobrando un soldo si o seu traballo non está feito?

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE